



A Resolución rectoral do 21 de febreiro de 2000 de Matrícula nas Estadías en Farmacia ou Prácticas Tuteladas regula a súa aplicación a partir do curso 1999/2000.

Os alumnos poden formalizar a matrícula nas Estadías cando realizan a matrícula ordinaria sempre e cando reúnan os requisitos que establecen os propios planos de estudio e maila resolución reguladora das Estadías, sen embargo moitos alumnos reúnen os requisitos para realizar as prácticas tuteladas despois da primeira convocatoria ordinaria de febreiro ou tras presentarse á Convocatoria de Fin de Carreira. Cómpre pois facer unha convocatoria de solicitude das Estadías para tódolos alumnos que pretendan realizalas no primeiro período Marzo-Setembro, polo que

RESOLVO:

Primeiro.- Convócase ós alumnos matriculados na Licenciatura de Farmacia para solicitar as Prácticas Tuteladas correspondentes o período marzo 2004-setembro 2004, ó abeiro do establecido na Resolución Rectoral do 21 de febreiro de 2000.

Segundo.- Requisitos: Os alumnos do plano de estudos de 1999, para solicitar a realización das Estadías de Farmacia ou Prácticas tuteladas, deberán ter superados ó menos 285 créditos do seu plano de estudos.

Terceiro.- Prazo e lugar de presentación da solicitude: Deberán presentarse no impreso que se facilitará ós efectos na **Unidade de Xestión Académica do Campus Sur**, ata o **20 de febreiro** do ano que andamos e que figura como ANEXO a esta resolución.

Cuarto.- Período de matrícula: Nos tres días seguintes ós da elección de localidade.

Quinto.- Criterios para a elección de localidade: Os alumnos elixirán en función do expediente académico escollendo en primeiro lugar os alumnos coa puntuación máis alta.

Sexto.- As datas e mailo lugar para a elección de localidade será comunicado polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como o listado de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sétimo.- Liquidación de prezos públicos: Os alumnos liquidarán os 15 créditos conforme o prezo que fixa para o presente curso académico 2003/2004 o Decreto da Xunta para estudos experimentais dos planos renovados.

Tódolos alumnos disfrutarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2004



O REITOR

Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E
TITULACIÓN - SR. DECANO DA FACULTADE DE FARMACIA - SRA. XEFE DO
SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR.
DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR.
XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.



Don/Dona _____
Apelidos Nome

e con D.N.I. núm. _____

Enderezo durante o curso:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Enderezo Familiar:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Alumno do Plano _____ Curso _____

**ESPECIFICAR MATERIAS DAS QUE REALIZARÁN EXAME NA ACTUAL
CONVOCATORIA DE SETEMBRO.**

Solicita:

Ser admitido/a para a realización de Prácticas Tuteladas de acordo coa normativa establecida no convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e o SERGAS, no período de _____ a _____

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 200_

(sinatura)

ILMA. SRA. DECANA DA FACULDADE DE FARMACIA – UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA